



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 6 de marzo de 2014
Hora de comezo: 13.40 h
Hora de remate: 14.15 h

ASISTENTES:

Don Jesús Sanjúas Mera
Don Manuel Mouriño Varela
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa
Dona Raquel García Fraga

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o Alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os Concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola Secretaria – Interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Balance da “Escola Infantil Municipal” 2013**
- 3. Licenza urbanística**
- 4. Información das altas no SAF por dependencia**
- 5. Concesión de axudas de emerxencia social**
- 6. Aprobación listado de participantes no programa de “prevención da dependencia”**
- 7. Aprobación factura número 115/14, en concepto de empacado de alimentos Servizos Sociais.**
- 8. Inicio da contratación da obra “Camiño AC 960 Á Ponte (por Abeleira) e outros”**
- 9. Clasificación das ofertas presentadas na contratación do mantemento dos ascensores**
- 10. Aprobación do Convenio de Colaboración entre “Sons club de baile” e o Concello de Boqueixón**
- 11. Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación da acta anterior

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 20 de febreiro de 2014.

2.Balance da “Escola Infantil Municipal” 2013

Dáse conta do seguinte balance de ingresos e gastos referido á escola infantil municipal de Boqueixón correspondente ao ano 2013:

1. INGRESOS:

A) Servizos prestados:

XANEIRO	4.827,30 €
FEBREIRO	4.911,80 €
MARZO	5.706,80 €
ABRIL	4.911,80 €
MAIO	5.025,80 €
XUÑO	4.996,80 €
XULLO	4.386,90 €
AGOSTO	0,00 €
SETEMBRO	6.953,93 €
OUTUBRO	4.659,70 €
NOVEMBRO	5.368,53 €
DECEMBRO	4.587,31 €
TOTAL	56.336,67 €

B) Subvención Consellería da Consellería de Traballo e Benestar: 30.237,12 €

TOTAL INGRESOS (A + B) 56.336,67 € + 30.237,12 € = 86.573,79 €

2. GASTOS:

	Persoal	Aliment	Seguro Local e Resp.Civ	Calef. e Outros	Elect.	Telf.	Mat. Of.+Inf	Totais
Xaneiro	8.862,67	246,92				47,04	38,00	9.194,63
Febreiro	8.015,24	219,66			770,17	47,50	38,00	9.090,57
Marzo	9.193,77	225,40		1180,33		47,04	38,00	10.684,54
Abril	9.193,77	313,05			554,40	47,36	38,00	10.146,58
Maiο	9.193,77	277,08				46,86	38,00	9.555,71
Xuño	16.196,13	288,99	214,20 357,15	54,45	470,17	47,53	38,00	17.666,62
Xullo	9.193,80	230,02		14,80		47,73	38,00	9.524,35
Agosto	9.845,37	0,00			398,35	49,26	38,00	10.330,98
Setembro	8.862,70	244,72		1452,42		47,96	38,00	10.645,80
Outubro	8.862,70	220,98		1815,00 376,31	581,16	50,55	38,00	11.944,39
Novembro	8.862,70	243,86				48,14	38,00	9.192,70
Decembro	15.340,90	270,42			529,80	47,99	38,00	16.227,11
	121.623,52	2.781,10	571,35	4.893,31	3.304,05	574,96	456,00	134.203,98

TOTAL GASTOS = 134.203,98 €

3- BALANCE:

INGRESOS (86.573,79 €) – GASTOS (134.203,98 €) = - 47.630,19 €

3.Licenza urbanística

Exp.: 13/1992. Licenza municipal de obras, para a construción dun peche parcial de finca, no lugar de Pumares, na parroquia de Sergude

Antecedentes:

Con data do 11/10/2013 (registro de entrada núm. 13/1992), por don Alberto XXXXX, con DNI núm. XXXXX, preséntase unha solicitude, para realizar obras de construción dun peche de parcela, xunto coa memoria descritiva, orzamento e planos, no lugar de XXXXX, na parroquia de Sergude.

Posteriormente, o promotor presenta a resolución de data 28 de maio de 2013, para a autorización de obras do peche, acceso á vivenda e acondicionamento da parcela na zona de policía dun afluente do río Záramo, por parte de Augas de Galicia, así como a concesión da prórroga solicitada para a execución dos traballos expostos. Así mesmo, tamén presenta a autorización de ditas obras por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, de data 17 de decembro de 2013.

Con data do 25/02/2014, a arquitecta Municipal, María Carmen Novoa Sío, no que corresponde á normativa urbanística municipal emite informe técnico favorable para a realización dos traballos expostos na documentación presentada. No mesmo faise constar que se deberán cumprir as condicións establecidas nos respectivos informes de Augas de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas, así como que o muro deberá quedar enfoscado e pintado en cores acordes co medio rural.

Con data do 4/03/2014, emítase un informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente o xustificante do ingreso da taxa, por importe de 61,62 €, que corresponde abonar pola solicitude da licenza municipal, polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a don Alberto XXXXX, a licenza municipal de obras, para realizar obras de *construción dun peche parcial de parcela*, no lugar de XXXXX, na parroquia de Sergude, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a) Condicións particulares desta licenza:

01. Núm. de expediente: **13/1992**
02. Promotor da licenza: **ALBERTO XXXXX**
03. N.I.F. do promotor: **XXXXXX**
04. Clasificación urbanística: **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL**
05. Tipo de Obras a realizar: **CONSTRUCCIÓN DUN PECH E PARCIAL DE PARCELA**
06. Situación e emprazamento: **PUMARES - SERGUDE**

07. Taxa pola solicitude da licenza: **61,62 €**
08. Orzamento de execución material das obras: **2.180,16 €**
09. Liquidación do I.C.I.O. (2,5% do presuposto de execución material): **54,15 €**

b) Condicións especiais desta licenza:

10. Prazos de execución das obras, desde o recibo de notificación desta licenza:
- Para comezar as obras: **TRES MESES**
- Para terminar as obras: **UN ANO**
11. A altura máxima do peche opaco será de 2,20 m. A distancia do peche á vía pública é de 13 metros do eixe, en base ao artigo 35 da Lei 4/94 de 14 de setembro de estradas da Xunta de Galicia.
12. Deberanse cumprir as condicións establecidas na Resolución de data 28 de maio de 2013, da Dirección de Augas de Galicia.
13. Deberanse cumprir as condicións establecidas no informe da Axencia Galega de Infraestruturas, emitido con data 17 de decembro de 2013.
14. O muro deberá quedar enfoscado e pintado en cores acordes co medio rural.
15. As obras deberán ser executadas, en canto aos materiais e alturas máximas permitidas, conforme á memoria e informes sectoriais que serviron de base para a concesión desta licenza. Calquera modificación das características técnicas do peche, deberá contar previamente co informe técnico favorable dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais.
16. No caso de que se invada a vía pública, tomaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de 54,50 € que resulta de aplicación en base aos artigos 6 e 7 da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

O importe total pola liquidación aprobado anteriormente, de **54,50 €** deberá ser ingresado na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta N°: XXXXX

4. Información das altas no SAF por dependencia

Logo de ver os informes da traballadora social:

1.- Infórmase á Xunta de Goberno **das altas no servizo de axuda no fogar por dependencia**, a nome das seguintes persoas:

- Don Manuel XXXXX, con DNI:XXXXXX veciño do lugar de XXXXX parroquia de Lestedo, cunha intensidade horaria máxima establecida no seu Programa Individual de Atención de (46 horas).
- Don Manuel XXXXX, con DNI:XXXXXX, veciño do lugar de XXXXX parroquia de Lamas, cunha intensidade horaria máxima establecida no seu Programa Individual de Atención de (35 horas).
- Don Manuel XXXXX, con DNI: XXXXX , veciño do lugar de XXXXX parroquia de Vigo, cunha intensidade horaria de 21,7 horas ao mes.

2.- Que recibirán as prestacións indicadas no informe da traballadora social e nas condicións que neste se estipula.

3.- Que, de proceder taxa, será revisada anualmente segundo a variación económica beneficiario e custo salarial do servizo.

4.- Notificar este acordo os interesados.

5. Concesión de axudas de emerxencia social

A) Logo de ver o informe da traballadora social, no que propón, que a dona Iria XXXXX, veciña da parroquia de Codeso, se lle conceda unha axuda económica por emerxencia social, por importe de 300, para facer fronte ao pago da fianza do alugueiro da vivenda na que reside dende o mes de xaneiro, a Xunta de Goberno acorda:

1.- A dona Iria XXXXX, co DNI XXXXX, veciña do lugar de XXXXX parroquia de Codeso, concederlle unha axuda económica por emerxencia social de pago único, **por importe de 300 €**, para facer fronte ao pago da fianza do alugueiro da vivenda na que reside dende o mes de xaneiro. Dita axuda farase con cargo á subvención da Deputación de A Coruña, de “axudas económicas para colectivos excluídos ou en risco de exclusión social”.

2.- O importe desta axuda será aboada (logo de presentar xustificantes de pago) directamente no número de conta bancario da solicitante, indicado no Informe Social.

3.- Dar conta deste acordo a Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

4.- Notificar este acordo a interesada.

B) Visto o informe da traballadora social, no que propón que a dona Soledad XXXXX, veciña da parroquia de Sergude, se lle conceda unha axuda económica por emerxencia social, por importe de 480 € para facer fronte aos gastos de equipamento básico da vivenda e necesidades primarias, a Xunta de Goberno acorda:

1.- A dona Soledad XXXXX, con DNI: XXXXX veciña do lugar de XXXXX da parroquia de Sergude, concederlle unha axuda económica por emerxencia social, **por importe de 480 €** para facer fronte aos gastos de equipamento básico da vivenda e necesidades primarias.

Dita axuda farase con cargo á subvención da Deputación de A Coruña, de “axudas económicas para colectivos excluídos ou en risco de exclusión social”.

2.- O importe desta axuda será aboada (logo de presentar xustificantes de pago) directamente no número de conta bancario da solicitante, indicado no Informe Social.

3.- Dar conta deste acordo a tesourería para o seu coñecemento e efectos.

4.- Notificar este acordo á interesada.

C) Logo de ver o informe da traballadora social, no que propón que a dona María del Carmen XXXXX, veciña parroquia de Lestedo, se lle conceda unha axuda económica por emerxencia social, por importe de 600€, para o uso e mantemento da vivenda, a Xunta de Goberno acorda:

1.- A dona María del Carmen XXXXX, con DNI: XXXXX veciña da XXXXX Lestedo, concederlle unha axuda económica por emerxencia social de pago único, **por importe de 600 €**, para facer fronte ao pago da fianza e alugueiro da vivenda (mensualidade de febreiro).

Dita axuda farase con cargo á subvención da Deputación de A Coruña, de “axudas económicas para colectivos excluídos ou en risco de exclusión social”.

2.- O importe desta axuda será aboada directamente no número de conta bancario da propietaria do piso que ocupa a usuaria, indicado no Informe Social.

3.- Dar conta deste acordo a tesourería para o seu coñecemento e efectos.

4.- Notificar este acordo á interesada.

6.Aprobación listado de participantes no programa de “prevención da dependencia”

Con data do 21 de setembro do 2011 apróbase en Xunta de goberno a contratación das actividades para impartir o programa de “prevención da dependencia”.

Procédese a comunicar, con data de 3 de marzo do 2014 , o listado de participantes que a continuación se redacta:

- 1.-Victoria XXXXX
- 2.-Ramona XXXXX
- 3.-Gerardo XXXXX
- 4.-María XXXXX
- 5.-Esclavitud XXXXX
- 6.-Edelmira XXXXX
- 7.-Cesáreo XXXXX
- 8.-Carmen XXXXX
- 9.-Erundina XXXXX
- 10.-Mercedes XXXXX
- 11.-Socorro XXXXX
- 12.-Esther XXXXX
- 13.-Josefa XXXXX

2.- Este programa denominado “Prevención da dependencia” está financiado pola Deputación da Coruña a través da subvención denominada FOAXCA 2013, convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais no ano 2013 publicado no BOP nº 239, do 17 de decembro de 2012.

7.Aprobación factura número 115/14, en concepto de empaketado de alimentos Servizos Sociais.

O día 10 de febreiro tivo entrada no rexistro municipal a factura núm. 115/14 emitida por IDC Caldas, SA pola elaboración de 800 caixas para o empaketado dos alimentos entregados polos servizos sociais municipais ás familias que o precisen, e por importe de 1.089,00 euros.

Na Xunta de Goberno do día 5 de decembro de 2013, aprobouse solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para axudas económicas para colectivos en situación de exclusión ou en risco de exclusión. Nesta axuda van presupostados os gastos de empaquetado e distribución de alimentos da Fundación Amigos de Galicia.

É preciso aclarar que o pedido das caixas para o empaquetado dos alimentos foi feito para os anos 2014, 2015 e 2016. As entregas de alimentos fanse mensualmente e o importe que este ano se imputa á subvención solicitada á Deputación para o ano 2014 é de 363 euros.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

- Aprobar a factura núm. 115/14 emitida por IDC Caldas, SA pola elaboración de 800 caixas para o empaquetado dos alimentos e por importe de 1.089,00 euros.
- Imputar o importe de 363,00 euros deste pagamento á subvención da Deputación da Coruña concedida para as axudas económicas para colectivos en situación de exclusión ou en risco de exclusión.
- Facer o pagamento desta factura.

8.Inicio da contratación da obra “Camiño AC 960 Á Ponte (por Abeleira) e outros”

Na Xunta de Goberno do día 1 de agosto de 2013 aprobouse o proxecto da obra denominada Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros, cun presuposto total de 156.521,51 euros (IVE incluído) e solicitouse unha axuda á Deputación.

No orzamento do ano 2014, consignouse a cantidade suficiente para facer fronte á achega do 20% requirida para o efecto, polo tanto a Deputación achegará 125.217,21 euros e o concello 31.304,3 euros.

Con data 20 de xaneiro recíbese nesta entidade o convenio asinado coa Deputación para o financiamento da dita obra e onde se acordan varias cláusulas a ter en conta na contratación da obra:

- 1 Os pregos que se utilizarán serán os aprobados pola Deputación da Coruña e publicados no BOP núm. 103 do día 1 de xuño de 2012.
- 2 Durante a execución da obra deberá colocarse un cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros e no que figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.
- 3 Ó remate da obra deberá colocarse unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
- 4 A vixencia do convenio remata o día 11 de novembro de 2014.
- 5 Unha vez rematadas as obras o concello presentará a xustificación das mesmas no prazo máximo dun mes desde a súa finalización.

No expediente atópase o correspondente informe xurídico.

A Xunta de Goberno acorda:

1 Iniciar os trámites necesarios para a contratación das obras polo procedemento negociado sin publicidade. Os pregos que rexerán esta contratación son os publicados pola Deputación da Coruña no BOP núm. 103 do día 1 de xuño e aprobados pola Deputación no Pleno do día 25 de maio de 2012.

2 Aprobar o cadro de características da obra, así como os criterios de valoración que rexerán a contratación:

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

0. REGULACION HARMONIZADA	Contrato non suxeito a regulación harmonizada	
1. PROXECTO	Camiño AC-960 a Ponte (por Abeleira) e outros	
1.bis. CODIFICACIÓN	A. Clasificación Nacional de produtos por Actividades (CNPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos	
2. PRESUPOSTO	A) Obras anuais	156.521,51 Euros (IVE INCLUÍDO)
3. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	411.619.01 do orzamento do ano 2014	
4. PRAZO DE EXECUCIÓN	FIXADO NO PROXECTO: 6 meses	
	REDUCCIÓN DE PRAZO COMO CRITERIO DE VALORACIÓN: non aplicable	
5. CLASIFICACIÓN		
6. FORMA E MEDIO DE CONSULTA E LUGAR DE PRESENTACIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: - Consulta a tres empresas - Perfil de contratante B. LUGAR DE PRESENTACIÓN: No rexistro municipal de 9 a 14 horas de luns a venres	
7. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN	SEN PUBLICIDADE OBRIGATORIA: oito días contados desde o día seguinte ao da recepción da petición de oferta	
8. PERFIL DE CONTRATANTE	8.1 Dirección páxina web: www.boqueixon.com	
	8.2 Publicación de adjudicación (indicar a opción elixida): en perfil de contratante	
9. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe do proxecto	
10. TAXAS DO CONTRATO	Non hai	
11. REVISIÓN DE PREZOS	Non hai	
12. CONTROL DE CALIDADE		
13. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA		

OUTROS DATOS:

INFORMACIÓN

PERFIL DE CONTRATANTE www.boqueixon.com

TELÉFONO:981. 513 061- Servizo de Contratación

LUGAR ONDE SE PODEN OBTEN COPIAS DO PROXECTO E PREGO: Servizo de Contratación e perfil do contratista

ANEXO II: MODELO DE PROPOSICIÓN

D./D^a _____
con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____
Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____
con DNI (ou pasaporte ou documento que o substitúa) nº _____
actuando en nome propio (ou en representación de _____).

DNI ou CIF Nº _____
e con domicilio en _____.
rúa _____
nº _____
teléfono _____
Fax (optativo) _____
dirección de correo electrónico (optativo) _____

Toma parte no procedemento negociado para a adxudicación da execución das obras
comprendidas _____ no proxecto _____ de _____

e para cuxos efectos fai constar que:

1º.- Ofrece o seguinte prezo:

- A) Prezo sen IVE..... euros).
B) Imposto sobre o valor engadido (IVE) % importe euros
C) TOTAL (A+ B)EUROS

2º.- Coñece e acepta cantas obrigacións se deriven dos Pregos de cláusulas administrativas particulares do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o integra.

3º.- Acompaña a documentación esixida no Prego de cláusulas administrativas particulares.

4º.- Fai constar que na presente licitación (*indíquese o que proceda*):

- ___ Non concorre con empresas vinculadas.
- ___ Concorre coa/s seguinte/s empresa/s:
Denominación
CIF

_____ de _____ de 201_

O LICITADOR (asinado e rubricado)

**ANEXO III: MODELO DE SOBRE
MODELO DE SOBRE**

- (1) A. DOCUMENTACIÓN
 B. REFERENCIAS TÉCNICAS
 C. OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na contratación das obras de (2)
 presentada por ..

Teléfono _____

Fax _____

_____ de _____ de 201_

(1) Indicar sobre A, B, C ou D segundo a documentación que comprenda, conforme ao disposto na cláusula 12.

(2) Indicar o título do contrato.

ANEXO IV: CRITERIOS DE VALORACIÓN

DETERMINACIÓN DE CRITERIOS FASE 1

FASE 1

A) CRITERIOS CON CARÁCTER XERAL

- a) **Programa de traballo** (cláusula 12.2.1.A.1): **17 puntos**
- b) **Programa de actuación ambiental** (cláusula 12.2.1.A.2): **8 puntos**
- b) **Plan de control de calidade** (cláusula 12.2.1.B) **13 puntos** conforme ao seguinte detalle (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan)

PLAN DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.1)	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade específico e adaptado á obra	De 1.51 a 3 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade xenérico e parcialmente adaptado á obra	De 0.51 a 1.50 puntos
	Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade insuficiente	De 0 a 0.50 puntos
PORCENTAXE DE CONTROL INTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.2)	Outorgarase a máxima puntuación á/s proposicións que oferten a maior porcentaxe e as restantes proposicións puntuaranse proporcionalmente	Ata 1 punto
PORCENTAXE DE CONTROL EXTERNO DE CALIDADE (cláusula 12.2.1.B.3)	Aumento da porcentaxe de control de calidade externo calculado sobre o orzamento de execución material, sen ter en conta o 1% a que se refiren as cláusulas 12 e 29	Calcularase aplicando a seguinte fórmula: $3 \times$ % incremento de execución material (expresado en dous decimais) (Máximo 9 puntos)

- c) **Esquema do Plan de seguridade e saúde** (cláusula 12.2.1.C): **12 puntos**

FASE II

- a) **Oferta económica**: **50 puntos**.

De acordo coa fórmula elaborada pola Facultade de Matemáticas

3 Solicitar ofertas ás seguintes empresas:

Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño , SL

Lugar Igrexa – Boqueixón 15881

Excavaciones Ovidio, SL

Fernando III El Santo, nº12 – Local 2

15706 Santiago de Compostela

Excavaciones José Varela Iglesias, SL

Rúa Socortes núm. 22 – Bemibre

15783 Val do Dubra

9. Clasificación das ofertas presentadas na contratación do mantemento dos ascensores

Na Xunta de Goberno do día 6 de febreiro procedeuse á apertura dos sobres B de Referencias Técnicas e Económicas. Nesta mesma sesión acordouse enviar a documentación técnica ó Estudio Técnico Gallego, para a elaboración do correspondente informe.

Posteriormente, o enxeñeiro técnico industrial don Pablo Rojo Losada, envía informe comunicando que dúas das empresas presentadas teñen valores anormais ou desproporcionados segundo o programa de valoración de ofertas da Deputación da Coruña. As empresas son: Orona S. Coop e Ascensores Enor

O día 21 de febreiro envíanse a estas dúas empresas un escrito onde se solicita que no prazo de 10 días hábiles xustifiquen as ofertas presentadas segundo o preceptuado no art. 152.3 da Lei de contratos.

O día 25 de febreiro a empresa Enor presenta a xustificación da súa oferta e o día 27 a empresa Orona.

O enxeñeiro técnico envía o correspondente informe das xustificacións presentadas polas empresas e o informe final de valoración das ofertas. Rexistro 14/392 de data 4 de marzo.

A continuación transcríbese o informe realizado para a xustificación das baixas anormais ou desproporcionadas:

“ Examinadas as documentacións presentadas polas empresas ENOR ASCENSORES, SA e ORONA S. COOP, a efectos de xustificar a baixa anormal ou desproporcionada das ofertas presentadas no seu día para a licitación de referencia; o técnico que a subscribe, teno en conta o preceptuado no art. 152 do Texto refundido la lei de contratos do sector público, considera que ambas empresas poden cumprir as propostas presentadas.

Boqueixón, 03 de marzo de 2014.
Fdo. Pablo Rojo Losada “

A continuación transcríbese o informe elaborado polo técnico sobre as ofertas valoradas tendo en conta as xustificacións presentadas polas empresas ás que se lle comunicou baixa temeraria:

ASUNTO: VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DOS ASCENSORES DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN.

Contratistas:

1. THYSSENKRUPP ELEVADORES, S.L.U
2. ASCENSORES ENOR, S.A
3. ORONA S. COOP.

Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial, informa que examinadas as documentacións presentadas na licitación das obras de referencia, ao seu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego de Cláusulas administrativas, a valoración alcanzada en cada un dos criterios é o que segue:

Criterios de valoración	Empresas			
	Val max.	Thyssenkrupp elevadores, S.L.U.	ASCENSORES ENOR, S.A.	ORONA S.COOP
Prezo ofertado	80	37,96	80	57,59
Infraestruturas e medios materiais da empresa	5	4	5	4
Medios humanos da empresa	5	4	4	4
Equipo técnico e dedicación do persoal que a empresa asignará á inspección dos equipos	5	4	4	3
Melloras en relación coa prestación do servizo	5	5	1	5
TOTAL ->	100	54,96	94	73,59

As ofertas económicas foron as seguintes:

Empresa	Prezo base	IVE	Oferta económica
Orona	998,88	209,76	1.208,64
Enor	756,00	158,76	914,76
ThyssenKrupp	1.190,40	249,98	1.440,38

A vistas destes datos, a Xunta de Goberno acorda:

1. Clasificar por orde decrecente, as ofertas presentadas:

Empresas	Referencias Técnicas	Oferta Económica	Total
Ascensores Enor, SA	14	80	94
Orona S. Coop.	16	57,59	73,59
Thyssenkrupp elevadores, SLU	17	37,96	54,96

2 Requirir ó licitador con maior puntuación para que presente, no prazo de 10 días hábiles, a documentación que se especifica na cláusula 15 do prego de cláusulas administrativas e económicas que rexe este contrato.

10.Aprobación do Convenio de Colaboración entre “Sons club de baile” e o Concello de Boqueixón

Nunha das salas do ximnasio municipal, están realizando ensaios de bailes de salón un grupo de baile cuxo nome é Sons Club de Baile. Debido a que esta actividade se desenvolve de xeito continuado, asíñase un convenio no que se estipula un prezo polo uso da sala que se ocupe. Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o convenio que a continuación se transcribe literalmente:

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE SONS CLUB DE BAILE E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

En Boqueixón, 15 de xaneiro de 2014

REUNIDOS

Dunha parte , Dona Beatriz XXXXX, como membro do grupo de baile Sons Club de Baile con CIF XXXXX e domicilio social na R/ Paris 23 F – 2º B , CP 15707 – Santiago de Compostela

Doutra, D. Jesús Sanjuás Mera, alcalde do Concello de Boqueixón

Ambas partes recoñécense con capacidade suficiente para establecer e asinar o presente convenio de colaboración e

EXPOÑEN

1)Que Sons Club de Baile, precisa da utilización do Ximnasio municipal para os ensaios das coreografías, os sábados pola mañá en horario de 9.30 a 13.30 h.

2)Que o Concello ten a propiedade e xestiona directamente o Ximnasio

3)Que como norma xeral, estas instalacións destínanse á practica de actividades deportivas, ben de particulares, asociacións, clubs ou entidades, sexan ou non veciños de Boqueixón

4)Que un fin básico que pretende o concello de cara ás súas instalacións é a promoción de actividades culturais e deportivas.

Dada a confluencia de intereses por ambas partes, establecen o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLAUSULAS

1)O Concello de Boqueixón reserva a utilización do Ximnasio, nas condicións que se sinalan a continuación

2)A reserva do local terá lugar dende o 15 de xaneiro de 2014 ata o 15 de xaneiro de 2015.

3) Son Club de baile utilizará con ánimo de lucro nese período de tempo o local, os sábados no horario anteriormente especificado. Como medio de colaboración no financiamento dos custos de funcionamento, Sons Club de Baile ingresará na conta núm. XXXXX que o concello ten aberta en XXXXX, o importe de 10 euros por día que se utilice a instalación, e no caso de que se prolongue o uso ata as 8 da tarde serán 20 euros. O pagamento será por adiantado.

4)As avarias, danos ou desperfectos que se ocasionen nese periodo de tempo e horario no mobiliario ou nas instalacións por unha actuación negligente ou impropia dará lugar á responsabilidade por parte de Sons Club de Baile, que lle poderá ser reclamada polo Concello.

De conformidade con canto antecede ambas partes asinan por duplicado o presente convenio no lugar e data do encabezamento.

Beatriz XXXX

O alcalde

Sons Club de Baile

Jesús Sanjuás Mera

2. Comunicar a súa aprobación ó grupo de baile e así mesmo, solicitarlles que deben facer o pagamento da cantidade que teñen pendente deste ano. Para un mellor seguemento contable solicitamos que os ingresos se realicen trimestralmente.

11.Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A Secretaria

Visto e prace

O Alcalde